# SESION ORDINARIA DE 28 DE ABRIL DE 2026

**Presidenta:**
Dª. María del Carmen López Moreno

**Sres/as Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
Dª Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño.
Dª. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. María Cristina González Santín

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de abril de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora Adxunta Dª. María Cristina González Santín,

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 1/44 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DÍA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesións ordinaria celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=1

**PARTE RESOLUTIVA**

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL Ó CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A RECADACIÓN EN VÍA DE PREMA DOS RECURSOS DE DEREITO PÚBLICO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Sra. Presidenta do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe de Servizo de Xestión Recadación e Inspección Tributarias, do teor literal seguinte:

“A Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a Federación española de Municipios e Provincias (FEMP) asinaron, con data 12 de abril de 2019, un convenio para a recadación en vía de prema dos recursos de dereito público das Corporacións Locais . No Boletín Oficial do Estado de 31 de maio de 2019, nº 130, publícase o texto do citado Convenio en virtude de Resolución de 22 de abril da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, xunto cun Anexo I sobre especificacións e validacións do envío de liquidacións/débedas para incorporación á vía executiva.

1. Obxecto: O Convenio ten por obxecto a asunción pola AEAT da xestión recadatoria en executiva dos seguintes recursos de dereito público das Corporacións Locais cando estas llos encomenden:

– Recursos de dereito público de natureza tributaria cuxo importe de principal por débeda non sexa inferior a 60 euros.



| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 2/44 |

– Recursos de dereito público no tributarios cuxo importe de principal por débeda non sexa inferior a 1.500 euros.

Cando se trate da Deputación Provincial a AEAT poderá asumir tamén a xestión recadatoria executiva dos recursos de dereito público dos Concellos cuxa xestión recadatoria ten asumido a Deputación en virtude de Lei ou do correspondente Convenio.

2. Motivación de necesidade e xustificación para a adhesión ao Convenio. O texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no seu artigo 8 relativo á colaboración establece:

“1. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 106.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, las Administraciones tributarias del Estado, de las comunidades autónomas y de las entidades locales colaborarán en todos los órdenes de gestión, liquidación, inspección y recaudación de los tributos locales.

De igual modo, las Administraciones a que se refiere el párrafo anterior colaborarán en todos los órdenes de gestión, liquidación, inspección y recaudación de los restantes ingresos de derecho público de las entidades locales.

2. ,,,

3. Las actuaciones en materia de inspección o recaudación ejecutiva que hayan de efectuarse fuera del territorio de la respectiva entidad local en relación con los ingresos de derecho público propios de ésta, serán practicadas por los órganos competentes de la correspondiente comunidad autónoma cuando deban realizarse en el ámbito territorial de ésta, y por los órganos competentes del Estado en otro caso, previa solicitud del presidente de la corporación.

4. Las entidades que, al amparo de lo previsto en este artículo, hayan establecido fórmulas de colaboración con entidades locales para la gestión, liquidación, inspección y recaudación de los tributos y demás ingresos de derecho público propios de dichas entidades locales, podrán desarrollar tal actividad colaboradora en todo su ámbito territorial e incluso en el de otras entidades locales con las que no hayan establecido fórmula de colaboración alguna.”

O artigo 8 do Regulamento Xeral de Recadación establece:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 3/44 |

"Corresponde a las entidades locales y a sus organismos autónomos la recaudación de las deudas cuya gestión tengan atribuida y se llevará a cabo:

a) Directamente por las entidades locales y sus organismos autónomos, de acuerdo con lo establecido en sus normas de atribución de competencias.

b) Por otros entes territoriales a cuyo ámbito pertenezcan cuando así se haya establecido legalmente, cuando con ellos se haya formalizado el correspondiente convenio o cuando se haya delegado esta facultad en ellos, con la distribución de competencias que en su caso se haya establecido entre la entidad local titular del crédito y el ente territorial que desarrolle la gestión recaudatoria.

c) Por la Agencia Estatal de Administración Tributaria, cuando así se acuerde mediante la suscripción de un convenio para la recaudación."

A Deputación de Lugo ven desenvolvendo, a través do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección as competencias que lle son propias, así como as facultades de xestión e recadación tributarias que os concellos da Provincia delegaron nela, de conformidade co establecido no artigo 106.3 da LBRL e o artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. A tal efecto o Pleno da Deputación aprobou en sesión celebrada o día 27/11/2007 adopta o acordo de aprobar a "Reforma das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público". Estas bases foron modificadas por sendos acordos de datas 28/10/2008, 29/12/2015 e 30/10/2018. Entre as competencias delegadas polos concellos está a da recadación de ingresos de carácter público polo procedemento de prema.

O artigo 11 da Lei 40/2015, recolle a figura da encomenda de xestión a fin de que os órganos e Entidades de Dereito Público dunha Administración poidan encomendar a realización de determinadas actividades que se encadran dentro das súas competencias a outros órganos e Entidades incluso de distinta Administración, sen que supoña unha cesión de competencias e establece a necesidade de formalización dun convenio que deberá ser publicado no BOE.

A competencia da Deputación en canto a actuacións materiais no ámbito da recadación executiva está limitada ao seu territorio, tendo que acudir á colaboración coa Xunta de Galicia ou á Administración do Estado cando están actuacións deban de realizarse fora do territorio da Provincia.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 4/44 |

Coa subscrición deste Convenio, estas actuación puntuais poderán ser realizadas, xa que resulta requisito necesario para que a AEAT poida actuar evitando declaracións de insolvencia por non poder actuar fora do territorio da Provincia.

Así, a cláusula sétima do convenio coa AEAT permite o envío de débedas cuxa providencia de prema fora xa notificada pola Entidade Local e neste suposto estarían incluídas as actuacións a realizar fora do territorio da Provincia, sendo este o interese na sinatura do Convenio. Tal como se expresa a continuación no apartado relativo ao ámbito de aplicación.

3. Ámbito de aplicación. A xestión recadatoria obxecto do Convenio realizarase en todo o territorio nacional. Nos termos e condicións fixados pola normativa sobre asistencia mutua entre os Estados membros da Unión Europea ou no marco dos convenios para evitar la dobre imposición o de outros convenios internacionais, a xestión recadatoria poderá extenderse a outros Estados en virtude do previsto na citada normativa.

4. Custo do servizo. O Convenio recolle o seguintes elementos de cálculo de custo pola prestación do servizo:

a) Custo por inicio da xestión: fíxase en 3 euros por cada débeda incorporada ao SIR una vez concluído o proceso de validación.

b) Custo por xestión realizada:

O custo pola xestión realizada determinase en función da data de cancelación ou data e segundo a natureza da mesma, aplicando o seguinte baremo:

| Tipo de cancelación | Data de cancelación | | |
|---|---|---|---|
| | Antes da notificación da providencia de prema | No prazo do 62.5 Lei 58/2003 | Posterior ao prazo do 62.5 Lei 58/2003 |
| 1. Ingreso total | Sen coste | 3% | 6% |
| 2. Ingreso parcial | 6% | 6% | 6% |
| 3. Data por motivos distintos ao ingreso | Sen coste | 3% | 3% |

Os ingresos correspondentes aos intereses de mora devindicarán un 9% xa se deriven de aprazamentos ou fraccionamentos ou de actuacións de embargo.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 5/44 |

No suposto de cancelación da débeda pola insolvencia do debedor, se a cancelación se produxera unha vez notificada a providencia de prema o coste de servicio calcularase aplicando a porcentaxe correspondente sobre importe da débeda proposto para incobrable. Tendo en conta os seguintes topes máximos.

– Se o importe cancelado por incobrable supera os 100.000 € e resulta inferior a 500.000 fixarase un coste pola cancelación por incobrable de 3.000 €.

– Cando o importe cancelado por incobrable sexa maior ou igual a 500.000 € pero inferior a 1.000.000 €, o coste da cancelación por incobrable ascende a 6.000 €.

– Cando o importe cancelado por incobrable sexa maior ou igual a 1.000.000 € o coste da cancelación por incobrable se fíxase en 9.000 €.

O coste global poderá ser revisado anualmente de mutuo acordo pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do Convenio.

5. Custo do Convenio para a Deputación. O custo pola prestación do servizo só pode facerse por estimación e estará determinado polo número de actuacións materiais que sexan solicitadas á AEAT e pola media dos importes dos expedientes, segundo o expresado no apartado anterior. “4 Custo do servizo”.

Estímase que ó longo dun ano poderán solicitarse un máximo de 500 actuacións con unha media de débeda de 1500 euros por expediente. Sendo 3 euros por inicio de xestión de cada cargo, máis un 6% do importe ingresado ou o 3% por cancelación (estímase que un 20% dos expedientes serán fallidos) e un 9% dos xuros liquidados (para o ano 2026 os xuros de mora serán o 4,062 % anual) con unha media de 4 anos de antigüidade. Resultando un coste máximo de 50,773 euros/ano.

As bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa na Deputación Provincial, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público expresan na súa Base décima relativa á compensación económica o seguinte:

“Este réxime de compensación económica non se aplicará naqueles supostos de xestión e recadación de ingresos derivados da prestación de servizos por vía da cooperación interadministrativa, segundo o que se regule no convenio aprobado ao efecto.”

Polo tanto, os custos de execución do Convenio ca AEAT serán trasladables aos concellos beneficiados e serán incluídos na liquidación definitiva do ano que corresponda.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 6/44 |

6. Réxime xurídico das actuación de recadación. A recadación por parte da AEAT rexerase:

a) Pola Lei 58/2003, Xeral Tributaria, de 17 de decembro.

b) Pola Lei 47/2003, Xeral Orzamentaria, de 26 de novembro.

c) Polo Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, así como polas demais disposicións ditadas ou que puideran ditarse no seu desenvolvemento.

d) En xeral, pola normativa vixente que resulte de aplicación en materia de xestión recadatoria.

e) Polas cláusulas do Convenio.

7. Sistema de adhesión ao Convenio. A Deputación, por conduto da FEMP, enviará ao Departamento de Recadación da AEAT a súa solicitude de adhesión plena ao Convenio segundo Modelo de Protocolo de Adhesión. A aceptación de tal adhesión, previos los informes internos oportunos, será realizada polo Director do mencionado Departamento e, posteriormente, comunicada á Entidade Local por conduto da FEMP e ao titular da Delegación da AEAT do ámbito da Entidade Local.

En todo caso, é requisito da previa adhesión ao procedemento de embargo das devolucións tributarias da AEAT en favor de debedores, así como ó procedemento de embargo de pagos orzamentarios da Deputación, está cuberto en virtude da adhesión ó convenio subscrito entre a AEAT e a FEMP en materia de recadación aprobada por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación de data 8 de abril de 2022.

8. Vixencia do Convenio. A vixencia o Convenio ven regulada na cláusula duodécima do mesmo nos seguintes termos:

"Este Convenio sustituye al Convenio entre la Agencia Estatal de Administración Tributaria y la Federación Española de Municipios y Provincias de 28 de abril de 2011 («BOE» de 19 de mayo de 2011) para la recaudación ejecutiva de los recursos de derecho público de las Corporaciones Locales y a la Addenda al mismo de 27 de junio de 2014 («BOE» 24 de julio de 2014) y tendrá vigencia desde el día siguiente al de su publicación en el «BOE» hasta el 31 de diciembre de 2019. Al término de dicho período se entenderá tácitamente prorrogado por plazos anuales sucesivos, salvo denuncia expresa con seis meses de antelación a la fecha de su vencimiento, como



| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 7/44 |

mínimo. Este plazo no será preceptivo en el caso de que se produjeran modificaciones normativas que no se ajustaran a las Cláusulas del Convenio.

Por otra parte, la Agencia Tributaria y cada Entidad Local podrán acordar la suspensión unilateral del Convenio cuando adviertan incumplimientos de las obligaciones estipuladas en el presente Convenio por la otra parte."

Do anterior dedúcese que o convenio ten unha duración ata o 31 de decembro deste ano, sendo prorrogable por prazos anuais sucesivos, salvo denuncia expresa con seis meses de antelación.

É canto cabe informar"

Por todo o exposto Proponse a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a adhesión ó Convenio subscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios y Provincias para a recadación en vía de prema dos recursos de dereito público das corporacións locais en materia de intercambio de información tributaria y colaboración na xestión recadatoria coas Entidades Locais, segundo o procedemento regulado na "Cláusula Terceira. Sistema y requisitos de adhesión al Convenio", sendo o interese desta Deputación as actuacións a realizar fora do ámbito territorial de Provincia."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=2

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DAS TAXAS LIQUIDADAS POLO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTOS EN FAVOR DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 8/44 |

“Logo de ver a proposta da Sra. Presidenta, a teor do seguinte texto:

“O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamentos de data 28 de novembro do 2025 adoptou o acordo seguinte que, na súa parte dispositiva, di:

“1º) Aprobar, se procede, a delegación na Deputación Provincial de Lugo, das competencias de xestión, inspección e recadación en período executivo (procedemento de apremio), das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

• Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.

• Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

2º) Aprobar, se procede, o texto e a formalización do Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, para a delegación das competencias de xestión, inspección e recadación en período executivo (procedemento de apremio) das taxas mencionadas no punto anterior.

3º) Aprobar, se procede, facultar ao Sr. Presidente do Consorcio, para a sinatura do Convenio e todos aqueles documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto estes acordos.

4º) Aprobar, se procede, comunicar á Deputación Provincial de Lugo os acordos adoptados, así como solicitarlle a aceptación da delegación das competencias en materia de xestión, inspección e recadación en período executivo (procedemento de apremio).”

- Con data 04/02/2026, a Secretaría-Intervención do Consorcio, en relación a este acordo, emite informe no que se expresa o seguinte: “referíndose esta delegación, exclusivamente no tocante ás tarefas en materia executiva”.

- O artigo 106.3 da Lei establece que: “É competencia das entidades locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado”.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 9/44 |

- O artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais establece, de conformidade co citado artigo 106.3 da Lei 7/1985, a posibilidade de delegación, á vez que regula o procedemento e o exercicio das facultades delegadas, coa seguinte redacción:

"Artículo 7. Delegación.

1. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 106,3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, las entidades locales podrán delegar en la comunidad autónoma o en otras entidades locales en cuyo territorio estén integradas, las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación tributarias que esta ley les atribuye.

Asimismo, las entidades locales podrán delegar en la comunidad autónoma o en otras entidades locales en cuyo territorio estén integradas, las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación de los restantes ingresos de Derecho público que les correspondan.

2. El acuerdo que adopte el Pleno de la corporación habrá de fijar el alcance y contenido de la referida delegación y se publicará, una vez aceptada por el órgano correspondiente de gobierno, referido siempre al Pleno, en el supuesto de Entidades Locales en cuyo territorio estén integradas en los "Boletines Oficiales de la Provincia y de la Comunidad Autónoma", para general conocimiento.

3. El ejercicio de las facultades delegadas habrá de ajustarse a los procedimientos, trámites y medidas en general, jurídicas o técnicas, relativas a la gestión tributaria que establece esta ley y, supletoriamente, a las que prevé la Ley General Tributaria. Los actos de gestión que se realicen en el ejercicio de dicha delegación serán impugnables con arreglo al procedimiento que corresponda al ente gestor, y, en último término, ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Las facultades delegadas serán ejercidas por el órgano de la entidad delegada que proceda conforme a las normas internas de distribución de competencias propias de dicha entidad.

4. Las entidades que al amparo de lo previsto en este artículo hayan asumido por delegación de una entidad local todas o algunas de las facultades de gestión, liquidación, inspección y recaudación de todos o algunos de los tributos o recursos de derecho público de dicha entidad local, podrán ejercer tales facultades delegadas en todo su ámbito territorial e incluso en el de otras entidades locales que no le hayan delegado tales facultades".




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 10/44 |

- Con base á normativa citada a Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 27/11/2007, adopta o acordo de aprobar a "Reforma das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público". Estas bases foron modificadas por sendos acordos de datas 28/10/2008, 29/12/2015 e 30/10/2018.

Estas bases que establecen as condicións nas que se asumen as competencias delegadas polos concellos da Provincia en favor da Deputación.

Resulta preciso establecer as condicións específicas da delegación de competencias por parte do Consorcio e aceptación pola Deputación e para tal fin son válidas as mesmas bases na parte ou medida en que poden ser aplicadas.

As condicións de aceptación da delegación, segundo as bases aprobadas pola Deputación e adaptadas ás mesmas, son as seguintes:

PRIMERIA.- Contido.

A Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, asume, por delegación expresa do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, as competencias de recadación en período executivo (procedemento de prema), das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:
. Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.

. Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

SEGUNDA.- Condicións da delegación.

1º.- Réxime Xurídico.

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial de Lugo aterase ao disposto nas "Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público", ao ordenamento xurídico local



| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 11/44 |

e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de recadación que puidese ditar a Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial de Lugo, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior.

2º.- Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial de Lugo, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, poderá avocar para sí, coa conformidade da Deputación Provincial de Lugo, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do Consorcio no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das condicións da delegación.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación Provincial de Lugo:

Declaración de insolvencias e créditos incobrables.

Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco das súas Bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.

3º.- Mellora da xestión tributaria do Consorcio.

A Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do Consorcio, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderá acollerse o Consorcio.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 12/44 |

4º.- Formas de xestión.

A Deputación Provincial de Lugo poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

5º.- Contías mínimas.

Non se procederá á recadación daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Facenda en desenvolvemento do art.16 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

6º.- Cargos en período executivo.

Os cargos que realice o Consorcio para a súa xestión recadatoria en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial de Lugo, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

7º- Colaboración do Consorcio.

O Consorcio prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

8º.- Compensación económica.

Polo exercicio das funcións delegadas, a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

9º.- Liquidacións provisionais e definitivas.

9.1.- Liquidación provisional.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 13/44 |

A Deputación Provincial de Lugo, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais con periodicidade trimestral para a recadación en período executivo.

9.2.-Liquidación definitiva.

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso ao Consorcio do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- Devolucións de ingresos indebidos.

- A compensación económica á que se refire o punto 8º pola prestación do servizo.

- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao Consorcio este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Pola Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

10º.- Réxime de vixencia.

10.1.- As presentes condicións inician a súa vixencia a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro de 2028.

10.2.- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.

10.3.- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o Consorcio poderá ampliar, coa aceptación da Deputación, o seu contido dentro do marco establecido nas Bases da Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo plenario comunicado á Deputación e producirá efecto dende a data da súa publicación no BOP e no DOG.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 14/44 |

10.4.- Esta delegación manterá a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime xurídico, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan aos actuais.

Por todo o exposte proponse ó Pleno a adopción dos seguintes acordo:

**1º.-** Aceptar a delegación  do acordo do 28 de novembro do 2025 do Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamentos  na Deputación Provincial de Lugo, das competencias de  recadación en período executivo  das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

• Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.

• Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

**2º.-** Aprobar o texto do Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, no que se recollen as condicións da delegación de competencias.

ANEXO I

CONVENIO

No Pazo da Deputación Provincial de Lugo, sendo o día ----------------------------.

R E U N I D O S

Dunha parte Dona*____________________________**, na súa calidade de Presidenta de Deputación de Lugo

Doutra parte _____________ Dona __________________, na súa calidade de Presidenta do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Asiste como fedatario público D. _______________________________, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

I N T E R V E Ñ E N




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 15/44 |

As partes na forma referida.

M A N I F E S T A N

I.- Que o Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión ____________ celebrada o día _________, adoptou o acordo de delegar na Deputación Provincial de Lugo, as competencias de recadación en período executivo das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

. Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.

. Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

II.-Que a Deputación de Lugo en sesión ____________ celebrada o día _________, adoptou o acordo de aceptar a anterior delegación.

Para tales efectos ambas as dúas partes conveñen en formalizar o presente documento establecendo as seguintes:

C L Á U S U L A S

CLÁUSULA PRIMERIA.- Contido.

A Deputación Provincial de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, asume, por delegación expresa do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, as competencias de recadación en período executivo, das taxas reguladas nas seguintes Ordenanzas Fiscais:

. Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.

. Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos e a realización de determinadas actividades administrativas.

CLÁUSULA SEGUNDA.- Condicións da delegación.

1º.- Réxime Xurídico.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 16/44 |

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial de Lugo aterase ao disposto nas “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o día 27de novembro de 2007, modificadas por acordos de datas 28 de outubro de 2008, 29 de decembro de 2015 e 30 de outubro de, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das facendas locais, así como normativa en materia de recadación que puidese ditar a Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial de Lugo, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior.

2º.- Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial de Lugo, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento poderá avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial de Lugo, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do Consorcio no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das bases.

En ambos os dous supostos, por parte da Deputación Provincial de Lugo, procederase a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación Provincial de Lugo:

. Declaración de insolvencias e créditos incobrables.

. Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco das súas Bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 17/44 |

3º.- Mellora da xestión tributaria do Consorcio

A Deputación Provincial de Lugo poderá, directamente ou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do Consorcio, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballos de asistencia técnica, ás condicións da cal poderá acollerse o Consorcio.

4º.- Formas de xestión.

A Deputación Provincial de Lugo poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

5º.- Contías mínimas.

Non se procederá á recadación daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Facenda en desenvolvemento do art. 16 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

6º.- Cargos en período executivo.

Os cargos que realice o Consorcio para a súa xestión recadatoria en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial de Lugo, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

7º- Colaboración do Consorcio.

O Consorcio prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

8º.- Compensación económica.

Polo exercicio das funcións delegadas, a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 18/44 |

- O 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

9º.- Liquidacións provisionais e definitivas.

9.1.- Liquidación provisional

A Deputación Provincial de Lugo, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais con periodicidade trimestral para a recadación en período executivo de liquidacións individuais.

9.2.-Liquidación definitiva

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarase liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso ao Consorcio do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

- Devolucións de ingresos indebidos.
- A compensación económica á que se refire o punto 8º pola prestación do servizo.
- Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao Consorcio este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación Provincial de Lugo, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

10º.- Réxime de vixencia

10.1.-As presentes condicións inician a súa vixencia a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro de 2028.

10.2.- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 19/44 |

10.3.- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o Consorcio poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nas Bases da Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo plenario comunicado á Deputación e producirá efecto desde a data da súa publicación no BOP e no DOG.

10.4.- Este Convenio manterá a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime de delegación, ou establezan tributos ou outros ingresos públicos que substitúan aos actuais.

E para que conste, e obrigue ás partes, asinase o presente Convenio en dous exemplares, no lugar e data ao principio expresados."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=3

--oo0oo—

**4.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS URXENTES PARA EVITAR A FORTE BAIXADA DE PREZOS DO LEITE EN ORIXE DAS GANDERÍAS DA PROVINCIA DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

**"**A deputada Provincial, Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dª. Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Partido Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta para reclamar á Xunta de Galicia medidas urxentes para evitar a forte baixada de prezos do leite en orixe das ganderías da provincia de Lugo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 20/44 |

Dende o pasado 1 de abril de 2026, tras unha firma de contratos entre as empresas lácteas e os gandeiros galegos, onde estes non tiveron capacidade negociadora sobre o seu produto, o prezo do leite galego minguou de xeito esaxerado a pé de granxa. Así, as baixadas sitúan o prezo por litro en 8 ou máis céntimos menos que no período anterior, sen que aparentemente a situación estatal e europea sufrise cambios tan significativos coma para tales variacións de cotizacións, que afectan gravemente ás explotacións do país, que se enfrontan a situacións complexas nos próximos meses.

Á baixada do prezo do leite súmase na actualidade a suba dos custos de produción derivados da escalada bélica que EEUU e Israel iniciaron recentemente contra o Irán, vulnerando o dereito internacional e a soberanía dos pobos en favor de intereses xeopolíticos existentes.

Desta maneira, os gandeiros e gandeiras galegas, e especialmente na nosa provincia, están a producir, na maior parte dos casos, por debaixo dos custos de produción feito que, de permitirse e perpetuarse dará lugar a unha situación economicamente complicada no noso rural, xa acaecido dun grave abandono, especialmente esaxerado no caso do sector leiteiro, onde cada ano pechan mais de 300 explotacións gandeiras de vacún de leite.

Malia gravidade da situación e a resistencia de gandeiros á firma de contratos, a realidade é que moitos deles, nas derradeiras horas do 31 de marzo accederon á sinatura dos mesmos polo medo a que a recollida do seu produto fose suspendida, feito que tivo lugar en casos onde dita sinatura non se produciu. Nestas explotacións o produto está a botarse a perder, de maneira que os propietarios están a sufrir baixadas incalculables nos seus beneficios, que afectarán negativamente á superpervivencia das súas empresas nun moi curto prazo de tempo.

Aínda que o sector lácteo galego é unha potencia a nivel estatal e europeo tanto pola súa calidade coma pola cantidade que producimos, o goberno da Xunta de Galiza non establece medidas para evitar que os nosos gandeiros se vexan inmersos nunha volatilidade e inestabilidade que impide darlle a seguridade necesaria ao sector e que anime a quen participa del a continuar con esta actividade, feito que lle afecta gravemente á existencia de relevo xeracional.

Un claro exemplo foi a falla de actuación clara por parte da Consellería de Medio Rural no caso desta recente renovación de contratos á baixa en Ribadeo, onde dende o goberno non amosou a decisión, determinación e interese necesario para evitar que as baixadas de prezos foran executadas sen reunións previas entre todos os elos da cadea onde o goberno mantivese un papel activo nas negociacións que garantise a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 21/44 |

transparencia nos contratos e a equidade na participación entre produtores e industria.

Así, as prácticas abusivas e unilaterais imperaron nesta nova sinatura de contratos, que os gandeiros aceptaron como única opción existente e sen que nin a Mesa do Sector Lácteo con todos os membros presentes, nin o Observatorio do Sector Lácteo fosen convocados e aportasen igualdade entre as partes e información ao respecto.
Por todo isto, queremos someter para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo propón os seguintes acordos:

**1º.-** Instar á Xunta de Galiza á convocatoria da Mesa do Leite para reunir a produtores/as, industria e distribución e proceder a un diálogo en igualdade de condicións entre eles/as, onde se garanta a transparencia das transaccións comerciais e que non existen prácticas unilaterais e abusivas, reformulando os contratos recentemente asinados para adaptalos á realidade dos custos de produción das explotacións galegas.

**2º.-** Solicitar á Xunta de Galiza a convocatoria de reunión con carácter urxente do Observatorio do Sector Lácteo para proceder á análise pormenorizada do momento actual que atravesa o sector lácteo, achegando informes sobre a situación de viabilidade actual das ganderías de leite, custos de produción tras o aumento derivado da guerra en Irán e previsións de futuro próximo tras a baixada dos prezos do leite en orixe¸ co obxectivo de frear estes contratos onde as baixadas de prezo son inasumibles para moitos produtores.

**3º.-** Requirirlle á Xunta de Galiza que actúe de intermediaria para demandarlle á industria láctea que opera en Galiza reunións urxentes para tratar a nova da baixada de prezos que se prevé nos novos contratos, onde participen todos os eslabóns da cadea e o goberno galego coa fin de chegar a acordos que non prexudiquen ao sector.

**4º.-** Esixirlle á Xunta de Galiza que traslade á industria láctea a desconformidade do Goberno galego ao respecto destes contratos á baixa que xa se están producindo, solicitando que se manteñan os prezos e que se pague o litro de leite ao mesmo prezo que a media do estado español e requirindo que non se apliquen primas por cantidade que prexudiquen a medianos e pequenos produtores".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 22/44 |

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes aos señores deputados do Gurpo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=4

**5º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UN CAMBIO DE MODELO NA XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE LUMES FORESTAIS.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia un cambio de modelo na xestión da prevención de lumes forestais:

O verán de 2025 deixou unha das campañas de incendios máis devastadoras da historia de Galicia, con Lugo como a segunda provincia máis afectada polas lapas, por detrás de Ourense. Nesta provincia rexistráronse 248 lumes que arrasaron 13.694 has de terreo. A zona máis afectada foi a Terra de Lemos, con 69 lumes que levaron por diante 12.699 has, pero outras como a Terra Cha, con 75 lumes rexistrados, ou Lugo-Sarria, con 58, sentiron tamén fortemente a pegada desta lacra. As imaxes do ocorrido en Quiroga, en Augasmestas ou na Fonsagrada son dunha dureza que non debemos esquecer, e cumpre traballar para que non se repitan.

Os efectos daqueles incendios non se limitaron á superficie queimada. Centos de persoas víronse obrigadas a abandonar as súas casas polo avance das lapas, sufriron perdas materiais e afrontaron un proceso incerto de reconstrución no que sentiron inmersos en longos procesos burocráticos e desatendidos pola administración autonómica. O tecido económico do rural resultou gravemente afectado: explotacións agrogandeiras destruídas, recursos forestais inutilizados e unha perda significativa de atractivo turístico nun momento clave do ano. Esta situación contribúe a agravar o




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 23/44 |

despoboamento do rural e inflúe na capacidade do interior galego para atraer investimentos ou desenvolver proxectos emprendedores.

No plano ambiental, a desaparición da cuberta vexetal expuxo o territorio a procesos acelerados de erosión e desertificación, con consecuencias a medio e longo prazo. As chuvias posteriores arrastraron cinzas e sedimentos cara a ríos, regatos e sistemas de abastecemento, afectando aos ecosistemas fluviais e comprometendo o subministro de auga en diversas zonas. A perda de biodiversidade, coa destrución de hábitats esenciais, tivo un impacto profundo sobre especies animais e vexetais de gran valor.

Un ano despois, a situación de fondo non cambiou de maneira significativa. A meirande parte das áreas afectadas continúan sen unha restauración completa, e persisten as mesmas debilidades estruturais que favoreceron aquela catástrofe. As obrigas recollidas na normativa vixente en materia de prevención seguen sen aplicarse coa dilixencia necesaria. A estratexia institucional continúa centrada na extinción, relegando a prevención e a restauración a un segundo plano. E esquecendo que só a limpa dos montes é eficaz para previr os incendios relacionados cas novas condicións de temperatura e sequidade derivadas do cambio climático.

A temporalidade e precariedade laboral do dispositivo de loita contra incendios seguen sendo un problema estrutural. A contratación continúa concentrándose nos meses de maior risco, o que impide desenvolver de forma continuada labores de prevención, como a xestión da biomasa ou os traballos silvícolas. Unha simple consulta ás noticias publicadas revela que os efectivos despregados no ano 2025 non chegaron ó 50% dos anunciados pola Xunta. Estas actuacións, cando se realizan, chegan tarde en moitos casos e non se completan antes do verán. A ausencia dunha política integral que conecte a prevención de incendios coa recuperación económica e social dos territorios afectados fan que Galicia continúe exposta a un risco elevado de que se repitan episodios similares.

Por todo iso, resulta imprescindible actuar con carácter urxente para evitar que este ano se repita a situación vivida en 2025. Por todo isto, e dende o noso compromiso ca veciñanza, co futuro do rural, co territorio e o medio ambiente, o Grupo Provincial Socialista, propón ao Pleno esta moción para instar á Xunta que modifique de xeito radical a súa política de prevención de lumes forestais e de coidado do rural, adoptando as seguintes medidas de xeito urxente:

**1º.-** Reformular o modelo de prevención e extinción mediante a implementación dun operativo profesional, dotado de recursos humanos e materiais suficientes, con capacidade para operar durante todo o ano e garantindo a capacidade de despregar sobre o terreo o 100% dos efectivos humanos prometidos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 24/44 |

**2º.-** Ampliar a superficie incluída baixo a protección das faixas secundarias de xestión da biomasa e revisar o marco competencial vixente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, de maneira que a Xunta de Galicia asuma directamente a execución das tarefas de limpeza e mantemento destas áreas de protección cando non se garantan por parte das persoas titulares, colaborando cos concellos en lugar de derivar neles responsabilidades sen dotarlles fondos económicos.

**3º.-** Desenvolver e implantar plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación situados en zonas de alto risco, coa participación activa da veciñanza e dos concellos, buscando prever e garantir a seguridade das persoas en lugar de cargar co traballo ós concellos.

**4º.-** Avanzar coa tramitación da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais, unha recomendación da comisión parlamentaria do ano 2018 paralizada pola Xunta, buscando o consenso co conxunto das forzas políticas e escoitando de xeito especial ás administracións locais do medio rural.

**5º.-** Aprobar o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA) en tempo e forma, cumprindo coa obriga de presentalo antes do 31 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, e executar os traballos de prevención antes do mes de xuño de cada ano.

**6º.-** Elaborar os plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) en todos os distritos.

**7º.-** Presentar no Parlamento de Galicia, antes de rematar o ano, un informe de cumprimento do PLADIGA, desagregando os resultados en cada distrito forestal."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 25/44 |

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=5

**6º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA O REFORZO DO SISTEMA PÚBLICO DE EMERXENCIAS NA MONTAÑA LUCENSE E GARANTIR UNHA RESPOSTA EFICAZ EN TODO O TERRITORIO DA PROVINCIA DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para o reforzo do sistema público de emerxencias na montaña lucense e garantir unha resposta eficaz en todo o territorio da provincia de Lugo.

*Exposición de motivos*

O sistema público de emerxencias é un servizo esencial para garantir a seguridade das persoas, dos bens e do territorio. A súa eficacia depende, en gran medida, da capacidade de resposta inmediata ante calquera situación de risco, especialmente en territorios con características xeográficas e demográficas complexas como a provincia de Lugo.

Na actualidade, as comarcas da montaña lucense, especialmente A Fonsagrada, Os Ancares e Becerreá, presentan unha situación especialmente preocupante. Os tempos de resposta desde os parques de bombeiros existentes, situados en Sarria, Vilalba e Barreiros, superan amplamente o límite recomendado de 30 minutos, chegando en moitos casos a exceder os 60 minutos. Esta realidade compromete gravemente a eficacia das intervencións e incrementa o risco para a poboación.

A maiores, as condicións orográficas e climáticas da zona, con altitudes elevadas e episodios frecuentes de neve, dificultan o acceso e agravan aínda máis os tempos de resposta, provocando situacións de illamento que incrementan a vulnerabilidade do territorio.

Desde o punto de vista demográfico, estas comarcas presentan unha realidade especialmente complexa, cunha poboación moi envellecida e altamente dispersa, con numerosos núcleos de pequeno tamaño, o que dificulta a prestación de servizos públicos e incrementa os riscos, especialmente en situacións de emerxencia.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 26/44 |

Así mesmo, o abandono progresivo da actividade agropecuaria tradicional deu lugar a un incremento significativo da masa forestal, aumentando o risco de incendios forestais de gran magnitude na zona. A comarca conta ademais con infraestruturas estratéxicas de relevancia, como instalacións enerxéticas, así como recursos turísticos e ambientais de alto valor, entre os que destacan o Camiño Primitivo e espazos protexidos de especial interese, que requiren unha protección efectiva.

Cómpre salientar ademais, que os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) constitúen un elemento vertebrador e imprescindible do sistema de atención ás emerxencias, especialmente en territorios rurais e con alta dispersión poboacional como é o caso da nosa provincia. Os seus profesionais desenvolven unha labor esencial no apoio e intervención ante incidencias e emerxencias no territorio, actuando en coordinación co resto de servizos e sendo, en moitas ocasións, o primeiro e único recurso operativo dispoñible en zonas afastadas dos centros urbanos.

Actualmente a provincia de Lugo conta con cinco Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), Friol, A Pontenova, Quiroga, Folgoso e Monterroso, que continúan prestando servizo. Con todo, nos últimos anos, a rede de GES na provincia sufriu cambios e dificultades, con distintos casos nos que algúns grupos deixaron de funcionar por diferentes motivos organizativos e de xestión, evidenciando as limitacións do modelo actual e xerando importantes baleiros na cobertura territorial do servizo de emerxencias.

O propio sistema de atención de emerxencias 112 Galicia ve limitada a súa eficacia pola falta de medios operativos próximos, o que reduce a capacidade real de resposta ante situacións de risco e traslada ao 112 a frustración dunha cidadanía que non entende por qué, nun Estado moderno, a súa seguridade depende do código postal no que vive.

Por todo iso, resulta imprescindible adoptar medidas estruturais que permitan garantir unha cobertura real e equitativa do sistema de emerxencias en toda a provincia, baseada en criterios de proximidade e tempos efectivos de intervención, e que dean resposta concreta aos compromisos xa anunciados pola institución provincial.

*Acordos*

Por iso, preséntase para a súa aprobación os seguintes acordos:




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 27/44 |

**1º.-** Instar á Xunta de Galicia a estudar, de maneira urxente e coordinada coa Deputación de Lugo, a viabilidade da creación dun parque de bombeiros na montaña lucense que permita garantir tempos de resposta eficaces e unha cobertura real do servizo de emerxencias nas zonas actualmente desatendidas.

**2º.-** Instar á Xunta de Galicia, en coordinación coa Deputación de Lugo e cos concellos afectados, a analizar e avaliar as posibles fórmulas para reforzar o sistema de emerxencias, explorando - entre outras opcións e á luz dos informes técnicos e xurídicos que correspondan- a posible integración dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) no Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento; así como a dotación de medios humanos e materiais suficientes, a súa profesionalización progresiva e a implantación dun modelo de financiamento estable, equilibrado e plurianual que garanta a sustentabilidade do servizo e evite a súa supresión futura."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=6

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

**"**A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira



| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 28/44 |

sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción en defensa das traballadoras e traballadores galegos contra a criminalización das baixas laborais por parte do goberno da Xunta de Galicia.

*Exposición de motivos*

Recentemente, no marco do Debate sobre o Estado da Nación, o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, presentou como principal medida en materia laboral unha proposta dirixida a endurecer o control sobre as baixas por incapacidade temporal. Esta iniciativa, lonxe de abordar as causas estruturais da precariedade ou a saúde laboral, supón un ataque directo aos dereitos da clase traballadora galega.

A proposta do Partido Popular parte dunha premisa insultante: situar o foco da sospeita sobre as traballadoras e traballadores, cuestionando a súa honestidade e tratando o persoal médico como cómplice de prácticas fraudulentas. Esta visión ignora deliberadamente a realidade estatística do noso país, que desmonta calquera teoría sobre o abuso da incapacidade temporal: Galiza sitúase como a segunda comunidade autónoma co índice máis baixo de baixas laborais de todo o Estado (27 por cada mil afiliados fronte á media estatal de 40).

O problema en Galiza non é o absentismo inxustificado, senón unha xestión sanitaria deficiente e unha precariedade laboral alarmante que se manifesta nos seguintes puntos:

- Sinistralidade Laboral: Galiza lidera sistematicamente as estatísticas de accidentes de traballo, con cifras dramáticas como as 43 mortes rexistradas o pasado ano.

- Colapso da Sanidade Pública: Se as baixas teñen unha duración maior no noso país, é debido ás listas de espera e ao desmantelamento da Atención Primaria e Especializada, o que atrasa inevitabelmente diagnósticos e tratamentos.

- Privatización encuberta: Esta proposta pretende utilizar o colapso sanitario como escusa para derivar competencias e recursos cara ás mutuas privadas, debilitando aínda máis o sistema público de saúde.

Criminalizar a quen padece unha enfermidade ou sufriu un accidente laboral é socialmente impresentábel. O que cómpre non é perseguir a doentes, senón reforzar o persoal sanitario e mellorar as condicións de seguridade nos centros de traballo.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 29/44 |

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

**1º.-** Amosar o rexeitamento á proposta irresponsábel da Xunta de Galiza de endurecer e dificultar o acceso ás baixas laborais, por considerar que criminaliza de xeito inxustificábel a clase traballadora galega.

**2º.-** Reclamar á Xunta de Galiza que pida desculpas publicamente ás traballadoras e traballadores galegos polas acusacións intolerábeis de fraude e absentismo vertidas desde a presidencia do Goberno galego.

**3º.-** Instar á Xunta de Galiza a:

- Reforzar de xeito inmediato o persoal da Sanidade Pública, especialmente en Atención Primaria, como medida imprescindíbel para garantir unha atención rápida e eficaz que reduza os tempos de recuperación das doenzas laborais.

- Abandonar calquera estratexia de privatización da xestión da saúde laboral a través das mutuas, por ser unha deriva vulnerábel para o sistema público e os dereitos laborais.
- Incrementar as políticas de prevención de riscos laborais e a vixilancia sobre a sinistralidade para frear o elevado número de accidentes e mortes no traballo en Galiza, unha situación que resulta insustentábel.

**4º.-** Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=7




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 30/44 |

**8º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO QUE GARANTA O SERVIZO DE EMERXENCIAS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para solicitar á Deputación de Lugo que garanta o servizo de emerxencias nos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.

A prestación dos servizos de protección civil, emerxencias e extinción de incendios corresponde ás Deputacións Provinciais nos municipios de menos 20.000 habitantes que non dispoñen de medios suficientes.

É dicir, a competencia en materia de emerxencias é das Deputacións Provinciais; segundo se desprende do artigo 26 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia; da Lei 5/1977 de Administración Local de Galicia e da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local.

E así o ratifica a Xustiza toda vez que a sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo avala o acordo da xunta de goberno do Concello de Cervo de non continuar co convenio para o funcionamento do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) se a Deputación de Lugo non aportaba máis persoal para o seu funcionamento ao entender que a institución provincial é a que ten a competencia.

A provincia de Lugo conta na actualidade con varias zonas sen cobertura de emerxencias trala desaparición dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Becerreá, A Fonsagrada e Cervo; equipos cunha ducia de efectivos que complementan aos servizos de bombeiros e protección civil nas comarcas galegas actuando en incendios urbanos e forestais, accidentes de tráfico, riscos naturais, rescates e colaboración co 112.

En numerosas ocasións o Grupo Provincial Popular ten demandado ao equipo de goberno da Deputación de Lugo garantir a cobertura deste servizo atendendo ás súas competencias, sen que o Goberno Provincial teña recoñecido a súa responsabilidade.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 31/44 |

Á vista da necesidade de garantir un servizo de vital importancia e das dificultades ás que se enfrontan os pequenos Concellos para cubrir o servizo que prestan os GES, insistimos en recordar ao goberno provincial a competencia que lle confire a lei, e que a Xustiza ratifica, á Deputación Provincial.

Así mesmo, consideramos oportuno reforzar os efectivos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nos seus distintos parques comarcais para garantir a efectiva prestación do servizo en condicións de seguridade, apostando polo reforzo de medios persoais e tamén pola mellora das instalacións e equipos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

*Proposta de acordo*

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo acorda instar ao equipo de goberno a garantir, atendendo ás competencias que lle confire a lei, a efectiva prestación do servizo de emerxencias para tódolos municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes:

**1º.-** Adoptando as medidas necesarias para que a Deputación de Lugo impulse a recuperación da prestación do servizo dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal nas zonas da provincia que, na actualidade, non dispoñen de cobertura a través de servizos de emerxencias, coa colaboración precisa doutras administracións.

**2º.-** Reforzar os parques comarcais do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento a través de procedementos para a estabilización dos postos de traballo e a convocatoria pública para a cobertura das prazas necesarias, así como a mellorar as súas instalacións e medios."

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor Presidente da Comisión D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as Dª. María del Pilar García Porto e D. Francisco Cajoto Caserío, representantes do Grupo Provincial Socialista, e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

[http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=8](http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=8)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 32/44 |

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL A DAR CUMPRIMENTO Á SENTENZA DO TSXG E ABRIR E POÑER EN FUNCIONAMENTO O CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL DE BECERREÁ.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para instar ao Goberno provincial a dar cumprimento á sentenza do TSXG e abrir e poñer en funcionamento o centro de día e residencial comarcal de Becerreá.

*Exposición de motivos*

O Centro de Día e Residencia Comarcal en Becerreá continúa pechado case 10 anos despois do acordo asinado polo presidente da Deputación de Lugo, a portavoz do Grupo Provincial Popular, o portavoz do Grupo Provincial Socialista e o deputado non adscrito en xuño de 2016 relativo á aprobación definitiva do Orzamento Xeral da institución para esa anualidade que recollía, entre outras cuestións, o compromiso de levar a cabo no concello de Becerreá un proxecto para dotar á comarca dunha residencia e centro de día.

En novembro dese mesmo ano aprobouse nunha sesión extraordinaria do Pleno unha iniciativa relativa aos centros de atención ás persoas maiores proposta polo Grupo Provincial Popular na que se acordou, entre outros puntos, cumprir con respecto ao centro de Becerreá o acordo nos termos acadados. Posteriormente, nesa mesma data aprobouse por urxencia unha proposta do equipo de goberno relativa ao convenio de colaboración entre as dúas entidades locais para a construción e xestión de dita residencia.

O convenio foi subscrito o 19 decembro de 2016 polos representantes da institución provincial e do Concello, cunha addenda posterior formalizada o 17 de abril de 2020, para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación do antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal en Becerreá por valor de 5.415.326,89€.

O propio convenio establecía que, no caso de producirse baixas na licitación, a Deputación de Lugo estaba obrigada a aplicar os remanentes, entre outros fins, a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 33/44 |

equipar, co mobiliario esixido pola normativa aplicable, o centro de día e residencia. Pero a pesar de producirse un remanente á baixa da adxudicación de 1.318.7981,98€, continúa sen dispoñer de mobiliario e sen prestar os servizos para os que foi proxectada catro anos despois do remate das obras de construción, en marzo do 2022, privando aos veciños e veciñas de Becerreá e a súa comarca de 96 prazas de residencia, 40 de centro de día e máis de medio cento de postos de traballo.

Neste tempo, e despois de acumular atrasos, o Grupo Provincial Popular leva reclamado en moitas ocasións ao goberno provincial realizar os trámites oportunos para levar a cabo as contratacións necesarias para equipar o centro e comezar a prestación dos servizos atendendo ao establecido no convenio e posterior addenda onde se establecía a obriga da Deputación de Lugo de poñer en marcha o servizo antes do 19 de decembro de 2023. Mentres, dende a institución provincial sucedéronse as escusas e as manobras para dilatar a súa apertura.

O deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, aseguraba en novembro do 2023 que este centro non se axustaba ao modelo impulsado dende a Deputación de Lugo. Pouco despois, en decembro dese mesmo ano, aseguraba con motivo dunha xuntanza con membros da Plataforma Pro Residencia de Becerreá que "*unha vez que estea rematada a construción e instalación do Centro de Transformación, o seguinte paso será sacar a contratación pública os medios e equipamentos necesarios (camas, mobiliario, cociña, lavandería, comedor, entre outros) para o seu funcionamento, cun custo que superará os 1,5 millóns de euros. A partir de aí farase a selección e a contratación do persoal*".

Pero o goberno provincial volvía cambiar de opinión e aprobaba na sesión plenaria celebrada o 25 de febreiro de 2025 a "Proposta da actividade económica e do réxime xurídico do Centro de Atención a Persoas Maiores de Becerreá", que inclúe a memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do centro que recolle non só a privatización dos servizos, senón tamén un incremento do prezo da praza para os usuarios de arredor dun 60% con respecto ao que estaban a pagar os usuarios do resto de centros da rede provincial que están en funcionamento. Unha proposta coa que o goberno provincial pretende que sexan os usuarios os que soporten a posta en marcha e o custe total do servizo por parte do operador ao que lle entregarían a residencia por 0€ de canon anual.

Tanto os veciños e veciñas coma os representantes do Partido Popular temos rexeitado esta proposta chegando a presentar alegacións en tempo e forma que foron desestimadas polo goberno provincial.

Posteriormente, o 16 de decembro de 2025, a Deputación de Lugo publicaba na Plataforma de Contratación del Sector Público a consulta preliminar de mercado para




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 34/44 |

a preparación do expediente de contratación da concesión de servizos do Centro de Día e Residencial comarcal de Becerreá, cando os pregos e a licitación do contrato de prestación de servizos do resto de centros da rede provincial son elaborados dende a propia Deputación de Lugo. Un trámite pouco habitual, aínda que legal, co que a institución provincial continúa sen poñer data real á licitación e apertura efectiva do centro.

Finalmente, neste mes de abril de 2026 coñecíamos que a Xustiza lle esixe á Deputación Provincial de Lugo abrir e poñer en funcionamento a residencia de maiores e centro de día de Becerreá dando a razón ás constantes reclamacións de veciños e veciñas, a Plataforma Pro Residencia de Becerreá, ao Partido Popular e ao Concello de Becerreá que interpuxo o recurso contra a Deputación de Lugo que a Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) estima integramente dando por probada a inactividade do goberno provincial á hora de dar cumprimento ao establecido no convenio de colaboración. De feito, considera os escasos movementos do goberno provincial nestes sentido como "*actos de trámite insignificantes ou dilatorios... que non satisfán... a finalidade do propio convenio*".

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

*Proposta de acordo*

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a:

1.- Acatar a sentenza da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que condena á Deputación de Lugo á apertura e posta en funcionamento da residencia e centro de día en Becerreá e dar cumprimento ás obrigas recollidas no convenio de colaboración, e posterior addenda, subscrito entre a Deputación de Lugo e o Concello de Becerreá para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal en Becerreá.

2.- Non presentar recurso contra a sentenza do TSXG debido a que suporía dilatar no tempo a efectiva apertura e prestación do servizo e afrontar a posibilidade de incorrer en gastos por costas xudiciais con diñeiro público de tódolos lucenses.

3.- Cumprir cos convenios de colaboración subscritos entre a Deputación de Lugo con outros Concellos para a construción, apertura, xestión e prestación de servizos en centros de atención a maiores coa finalidade de evitar posibles novos fallos xudiciais en contra desta institución."




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 35/44 |

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor Presidente da Comisón D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as Dª. María del Pilar García Porto e D. Francisco Cajoto Caserío, representantes do Grupo Provincial Socialista, e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=9

**ASUNTO DE URXENCIA**

Fóra da Orde do Día, preséntase por parte do Grupo Provincial Socialista e do Bloque Nacionalista Galego a seguinte moción, cuxa urxencia foi votada e aceptada por unanimidade de todos os grupos políticos na presente sesión plenaria:

**MOCIÓN DE URXENCIA DO PARTIDO SOCIALISTA E DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CONDENA DO TRANSFUGUISMO COMO INSTRUMENTO PARA ALTERAR A VONTADE POPULAR EXPRESADA NAS URNAS.**

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista e do Bloque Nacionalista Galego a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"O 22 de abril de 2026, o Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Lugo, encabezado pola súa portavoz, Elena Candia, que tamén ocupa a vicepresidencia primeira do Parlamento de Galicia e a presidencia provincial do PP na provincia, rexistrou unha moción de censura contra o alcalde Miguel Fernández. A iniciativa non se sustenta en ningunha causa política sobrevida, nin nunha denuncia de corrupción, nin nunha perda de confianza democrática constatable. Susténtase, exclusivamente, no voto de María Reigosa, unha concelleira que se presentou nas listas do PSdeG nas eleccións de 2023, abandonou o seu grupo e adquiriu a condición de non adscrita poucas semanas antes da operación. Trátase, polo tanto, de transfuguismo na súa expresión máis clara e literal.

A moción de censura é un instrumento plenamente legal e lexítimo do noso ordenamento democrático. Pero non se pode utilizar de calquera xeito, nin a calquera




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 36/44 |

prezo. Que algo sexa legal non significa que sexa honesto. E mercando vontades, moito menos. A democracia representativa sostense sobre un principio elemental, e é que a vontade popular expresada nas urnas constitúe a verdadeira fonte lexítima de poder nas institucións públicas. Cando ese mandato se altera por medios alleos ao voto cidadán, o que se debilita non é só un goberno concreto senón a confianza da veciñanza no propio sistema democrático. Esa convicción non é unha invención de parte. As principais forzas políticas do Estado, entre elas o Partido Popular, o PSOE e o BNG, asinaron en 1998 o Pacto Antitransfuguismo, precisamente para deixar constancia de que servirse de quen abandona o seu grupo de orixe para alterar as maiorías saídas das urnas é unha práctica contraria á lealdade democrática máis elemental.

Desgraciadamente este feito non é novo para Elena Candia. No ano 2015, a actual presidenta provincial do PP foi elixida brevemente presidenta desta Deputación de Lugo grazas a unhas manobras nas sombras que aínda hoxe ninguén soubo explicar abertamente. Once anos despois, a mesma dirixente repite o esquema de fondo pretendendo chegar ao goberno municipal de Lugo grazas a unha concelleira que se presentou nas listas socialistas, abandona o seu grupo e pacta co PP. Once anos de distancia, pero a mesma beneficiaria. Cústanos chamarlle a iso casualidade.

Esta operación execútase, ademais, baixo un pretexto que cómpre desmontar. O discurso da "parálise" e da "deriva" co que a señora Candia xustifica a súa moción de censura non se corresponde coa realidade. Este mandato no Concello de Lugo viviu tres golpes humanos extraordinariamente duros: os falecementos da alcaldesa Paula Alvarellos, do concelleiro Pablo Permuy e da concelleira Olga López Racamonde. Pese a iso, o goberno bipartito de PSdeG e BNG, encabezado polo alcalde Miguel Fernández, mantivo a capacidade de xestión, atendeu as necesidades da veciñanza e non paralizou ningún proxecto. Houbo dor inmensa, houbo loito compartido, pero non houbo abandono. O mellor xeito de honrar a memoria das compañeiras e compañeiros ausentes é precisamente continuar o seu traballo, e iso foi o que a actual corporación fixo.

A operación impulsada pola señora Candia resulta especialmente reprobable por iso mesmo. Mentres se compartían publicamente as condolencias polas tres perdas, calculábase friamente como tirar partido daquelas circunstancias para forzar un cambio de goberno a un ano das eleccións municipais. As mesmas lágrimas que se derramaban en público convivían cunha aritmética moi distinta nos despachos. Iso non é unha lectura ideolóxica, é unha valoración ética que calquera persoa con sentido común da decencia política pode facer pola súa conta.




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 37/44 |

Convén lembrar, ademais, que a señora Candia coñece ben o instrumento da reprobación. Promoveuno e defendeuno nesta mesma institución noutras ocasións, esixindo responsabilidades políticas máximas a quen, ao seu xuízo, non estaba á altura do cargo que ocupaba. Se se lle aplica a vara coa que ela mediu a outros, o seu apoio expreso a unha moción de censura sustentada no transfuguismo obriga necesariamente á reprobación pública deste Pleno.

Cómpre dedicar tamén unha mención específica á concelleira María Reigosa. A súa entrada na vida pública municipal produciuse nas circunstancias máis dolorosas, ocupando a acta deixada polo falecemento dun compañeiro. O que noutro contexto debería traducirse nun compromiso reforzado co proxecto que a levou á institución viuse axiña eclipsado por unha sucesión de aspiracións persoais que o seu propio grupo non puido colmar. Resulta difícil de comprender que unha profesional con traxectoria recoñecida, que invoca a súa honradez e a súa solvencia técnica para xustificar o seu paso pola vida pública, opte por entrar na historia política da cidade pola porta do transfuguismo.

A cidadanía lucense xa expresou a súa posición. O pasado 24 de abril, máis de 3.000 persoas concentráronse na Praza Maior, convocadas pola plataforma *Transfuguismo Non, Democracia Si*, na maior mobilización política rexistrada na cidade en moitos anos. Ese é o auténtico clamor de Lugo, e non o que invocou a señora Candia para xustificar a súa manobra.

Non se trata aquí dunha cuestión ideolóxica. Lugo tivo excelentes alcaldes e alcaldesas de distintas cores políticas no pasado e volverá telos cando así o decida a cidadanía nas urnas. Pero non hai proxecto político detrás de quen sobe aproveitando a desgraza allea, e non hai estabilidade institucional posible cando o acceso ao goberno se fía ao mercadeo de vontades. Lugo non se vende, e quen aspira a representala ten que estar á altura do que esta cidade merece dos seus representantes públicos.

Por todo iso, e dende o compromiso desta institución cos principios democráticos básicos e co respecto á vontade popular expresada nas urnas, o Grupo Provincial Socialista e o Grupo do Bloque Nacionalista Galego propoñen ao Pleno da Deputación de Lugo os seguintes acordos:

**1º.-** Esixir a retirada inmediata da moción de censura presentada no Concello de Lugo, por canto se sustenta no voto dunha concelleira tránsfuga e contradí o mandato democrático expresado pola cidadanía nas urnas.

**2º.-** Reprobar publicamente á voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, Elena Candia que tamén ocupa a vicepresidencia primeira do Parlamento de Galicia e a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 38/44 |

presidencia provincial do PP na provincia, así como á concelleira non adscrita do Concello de Lugo, María Reigosa, polo seu impulso e participación activa nunha moción de censura sustentada exclusivamente no transfuguismo, en clara contradición cos principios democráticos máis elementais.

**3º.-** Instar ao Partido Popular a censurar publicamente a actuación da señora Candia e a comprometerse co respecto á vontade dos lucenses manifestada nas eleccións municipais de 2023, contribuíndo á normalidade institucional que o Concello precisa logo dos acontecementos vividos neste mandato.

**4º.-** Manifestar a condena expresa desta Deputación de Lugo a calquera práctica de transfuguismo, así como a calquera operación política dirixida a alterar, á marxe do voto cidadán, as maiorías democraticamente constituídas nas corporacións locais e nas restantes institucións, reafirmando o compromiso desta institución coa lealdade democrática e co respecto á vontade popular expresada nas urnas como fonte única de lexitimidade, e instando a todas as forzas políticas con representación na corporación a actuar baixo eses principios.

**5º.-** Trasladar o respaldo institucional desta Deputación de Lugo ao goberno lexitimamente constituído no Concello de Lugo, así como á cidadanía que se mobilizou en defensa da vontade expresada nas urnas en maio de 2023.

**6º.-** Instar a todas as administracións públicas, no marco das súas respectivas competencias, a impulsar as iniciativas lexislativas e regulamentarias necesarias para que ningunha actuación derivada do transfuguismo poida traducirse en mellora persoal, política ou económica nin para quen a promove nin para quen se beneficia dela, tanto nas corporacións locais como nas restantes institucións representativas, respectando en todo caso a doutrina constitucional vixente.

**7º.-** Dar traslado destes acordos ao Concello de Lugo, ao Parlamento de Galicia, á Presidencia da Xunta de Galicia e á Comisión de Seguimento do Pacto pola Estabilidade Institucional e loita contra o Transfuguismo Político".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=10





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 39/44 |

## PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

**10.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMEN ANUAL SOBRE O CONTROL INTERNO CORRESPONDENTE A DOUS MIL VINTE E CINCO.**

Dase conta do informe resumen anual sobre o control interno correspondente a dous mil vinte e cinco.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=11

**11.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO, RELATIVA Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN DEPUTACIÓN DOUS MIL VINTE E CINCO DOS CONCELLOS DE A FONSAGRADA E BALEIRA.**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno de data trinta de xaneiro de dous mil vinte e cinco, relativa á modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Deputación dous mil vinte e cinco dos concellos de A Fonsagrada e Baleira.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=12

**12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

Dase conta das resolucións da Presidencia ditadas dende o día 1 ao trinta e un de marzo de dous mil vinte e seis, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 856 ao 1642, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=13




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 40/44 |

**13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=14

**14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

**R O G O S**

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación coa seguridade nas inmediacións do antigo quiosco ou bar Mirador, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O antigo quiosco ou bar Mirador situado no Campus Terra de Lugo, que é propiedade da Deputación de Lugo, leva máis dunha década pechado e abandonado polo goberno de PSOE e BNG.

O que fai anos servía de punto de encontro para lucenses e, sobre todo, estudantes atópase, na actualidade, vandalizado por completo cos cristais rotos, o teito caído e a instalación eléctrica desfeita supoñendo un risco para as persoas sen que o goberno provincial teña tomado ningunha medida nin para a súa recuperación e posta en valor nin para garantir a seguridade na zona.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo adopte medidas urxentes para garantir a seguridade nas inmediacións do antigo quiosco ou bar Mirador, recupere esta infraestrutura e execute accións para a súa posta en valor."

**Segundo.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ós desbroces das marxes das estradas provinciais, do seguinte teor:




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 41/44 |

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A rede de estradas provinciais dependente da Deputación de Lugo, creada en gran parte por iniciativa de gobernos do Partido Popular, permiten a mobilidade diaria dos lucenses entre os distintos concellos da provincia.

O mal estado de conservación de moitas vías por falta de conservación é fonte de constantes queixas por parte dos veciños e usuarios debido ao firme desfeito, sucesións de fochancas, ausencia de elementos de protección, falta de sinalización vertical e horizontal ou deterioro de estruturas con graves riscos para a seguridade.

O Grupo Provincial Popular, en permanente contacto cos veciños e veciñas e os seus representantes municipais, ten reclamado en numerosas ocasións o seu arranxo, conservación e mellora.

Recentemente tamén advertíamos da necesidade de realizar labores de poda das árbores nas marxes das estradas para evitar golpes nos vehículos ou a posible caída de ramas na calzada.

En plena primavera e con vistas ao próximo verán, urxe iniciar a programación dos traballos de roza e desbroce das marxes das vías provinciais para garantir a visibilidade e a seguridade dos usuarios nunha época con maior número de desprazamentos, especialmente en zonas turísticas, e ofrecer unha boa imaxe da provincia aos nosos visitantes.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo leve a cabo as xestións oportunas para iniciar canto antes os traballos de roza e desbroce das marxes das estradas provinciais para garantir a seguridade dos usuarios e evitar atrasos coma en anteriores anualidades."

**P R E G U N T A S**

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á implantación do proxecto Geopadrón, que textualmente di o seguinte:




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 42/44 |

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Na Xunta de Goberno celebrada o 26 de xullo de 2024, acordouse aceptar unha subvención do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática por un importe de 1.260.000,00 €. Esta axuda, enmarcada no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estaba destinada á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal dos concellos da provincia de Lugo.

O obxectivo fundamental era a implementación do proxecto Geopadrón, concibido para poñer en marcha un novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal, nomeadamente "a formación dunha base de datos de vivendas, unificada a nivel nacional, na que se identifique cada vivenda mediante un identificador baseado na referencia catastral en territorio fiscal común". Así, os 67 concellos da provincia deberían poder incorporar información xeográfica actualizada, dispoñer dunha base de datos de vivendas independente do padrón e contrastar datos co INE e o Catastro.

Para este fin, o 10 de decembro de 2024 asinouse o convenio entre a Deputación e os concellos da provincia, e, tras a licitación, a Deputación formalizou o contrato coa empresa adxudicataria en maio de 2025, por un importe de 415.811,66 €.

Pese ao tempo transcorrido dende a formalización do contrato, cómpre sinalar que os concellos comunicaron á Deputación numerosas incidencias detectadas nos resultados provisionais que lles achegaron relativos á implantación deste sistema.

Á vista do anteriormente exposto e tendo en conta que o prazo para a execución do proxecto rematou o 31 de marzo e que se seguen detectando erros e incidencias nos arquivos achegados para crear esta base de datos xeorreferenciada de vivendas e fogares, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que medidas ten previsto desenvolver o goberno provincial para cumprir co fin sinalado nos convenios asinados cos concellos da provincia e así acadar a correcta implantación do proxecto Geopadrón?"

**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó proxecto do acceso ao polígono industrial de Cuiña (Cervo) dende a N-642, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 43/44 |

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A Deputación de Lugo iniciaba no 2002 un procedemento para levar executar as obras de acceso ao polígono industrial de Cuiña (Cervo) dende a N-642, un proxecto financiado pola propia institución provincial que permitiría dotar a esta área empresarial que é fundamental para o desenvolvemento do municipio dun acceso máis práctico e directo coa principal estrada da Mariña.

Unha vez contratada a obra para esta actuación que contaba cos permisos necesarios, o goberno de PSOE e BNG resolveron o contrato no 2008 coas obras sen rematar e, dende entón, o proxecto está parado.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Logo de ter tramitado o expediente de expropiación dende a administración provincial, a Deputación Provincial de Lugo dispón, a día de hoxe, dos terreos necesarios para completar o proxecto do acceso ao polígono industrial de Cuiña (Cervo) dende a N-642?”

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260428&punto=15

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA,**

**O SECRETARIO,**




| | IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Fecha y Hora | 06/05/2026 13:26:22 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R3UB3HIXN36XIUU4M653QGA | Página | 44/44 |